

PLAN DE ADAPTACIÓN Á
SITUACIÓN COVID-19
CURSO 2021-2022

EEI VILARRODÍS-OSEIRO

Introdución:

Presentamos neste plan unha serie de medidas de obrigado cumprimento para o persoal traballador da escola, o alumnado, as familias e toda persoa que entre no recinto escolar.

Este documento elabórase segundo as directrices do Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 que se pode consultar aquí:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/2021_07_06_protocolo_21_22.pdf

Así como a Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-180621-0003_gl.pdf

O obxecto deste documento é crear unha contorna escolar saudable e segura mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse dende o inicio do desenvolvemento do curso escolar 2021/2022, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexerse e previr no máximo posible o risco de contaxio por Covid-19.

Estas medidas poderán ser modificadas ao longo do curso escolar en función da situación sanitaria e das actuacións que poidan ser propostas polas distintas administracións.

Os nenos e nenas necesitarán que lles transmitamos a protección e a seguridade de que tanto no ámbito familiar como no escolar, estamos cooperando para que estean co maior benestar posible.

1. DATOS DE REFERENCIA

<u>1.1. DATOS DA ESCOLA</u>			
Código	Denominación		
15032376	EEI de Vilarrodís -Oseiro		
Enderezo			C.P.
Carlos Maside, nº 16			15141
Localidade	Concello		Provincia
Oseiro	Arteixo		A Coruña
Teléfono	Correo electrónico		
616466312	eei.villarrodís@edu.xunta.gal		
Páxina web			
http://www.edu.xunta.gal/centros/eeivillarrodís/			

<u>1.2.MEMBROS DO EQUIPO COVID</u>			
Teléfono móbil de contacto			616466376
Responsable	María Amelia Pérez Moledo	Cargo	Directora
Suplente:	Beatriz Navarro Aguiar		Titora 4ª e 5ª
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> ○ Recibir a formación impartida pola Consellería sobre COVID-19. ○ Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia. ○ Xestionar a adquisición de material de protección necesario. ○ Xestionar a información sobre posibles casos de Covid-19 na comunidade educativa da escola. 		

	<ul style="list-style-type: none"> ○ Difundir a información ao profesorado e ás familias. ○ Recibir a información e suxestións das familias. ○ Elevar as propostas do equipo docente. ○ Coordinar as entradas e saídas do alumnado.
--	---

1.3. ESPAZO DE ILLAMENTO

<ul style="list-style-type: none"> ○ Sempre que sexa posible priorizárase permanecer no exterior do edificio, preferentemente no patio cuberto. ○ Como espazo de illamento no edificio queda designada a Aula 3, que consta dun espazo amplo, con aseo propio e ventilación natural doada. ○ A aula 3 está dotada de material de protección individual, como luvas, buzo, pantalla e máscaras. ○ Dispón de panos desbotables, dispensador de xel e de xabón, e unha papeleira de pedal.

1.4. NÚMERO DE ALUMNOS E ALUMNAS POR NIVEL

Educación infantil (4º e 5º– grupo mixto)	11
Educación infantil (6º)	10
Total	21

1.5. CADRO DE PERSOAL DA ESCOLA

Mestras de educación infantil	2
Mestra especialista	1
Mestras itinerantes: Audición e Linguaxe, Relixión	2
Persoal non docente :auxiliar de conversa perante un cuatrimestre	1

2. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

2.1 MEDIDAS NAS ENTRADAS E SAÍDAS

Entradas:

- Utilizarase a **sinalización pintada no chan** para cada adulto-neno/nena no espazo que está dentro do recinto escolar e previo á porta.
- Acudirá **só un adulto** acompañando a cada neno/nena, agardando no espazo habilitado para tal fin, no exterior do edificio. No caso de que o tempo non o permita, as familias respectaran a distancia social recomendada de 1,5mts pasando de 1 en 1 ao hall intermedio da entrada para iniciar as rutinas de hixienización.
- O alumnado **entrará só, agás** no caso dos nenos e nenas de 3 anos no período de adaptación e aqueles nenos de necesidades educativas específicas que o precisen. En ambos casos procuraremos que os adultos permanezan no edificio o menor tempo posible.
- A entrada **realizarase de 9:15 a 9:30**, procurando que o alumnado de maior idade entre na franxa máis temperá (de 9:15 a 9:20), e os demais (3 e 4 anos) no restante intervalo (de 9:20 a 9:30).
- As portas do edificio **pecharanse puntualmente ás 9:30hs.**
- Estará **unha das mestras especialistas** para cooperar coas familias nas despedidas e facilitar as rutinas previas á entrada.

Saídas:

- Realizaranse **a partir das 14.15 de xeito escalonado** comezando polo alumnado de 3 anos.
- Acudirá **só un adulto** para recoller a cada neno/nena.

2.2. DETERMINACIÓN DOS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

Na **educación infantil** a organización do alumnado non require aplicación de criterios de limitación de distancia, sempre que se organicen grupos estables de convivencia. Nese caso, debemos garantir a estanquidade do grupo en todas as actividades que se realicen na escola mentres dure a alerta sanitaria.

Tendo en conta a ratio, na EEI de Vilarrodís funcionarán **dous agrupamentos estables**:

- Un correspondente a **6º EI (5 anos)**: 10 nenas e nenos.
- Outro mixto de **4º e 5º EI (5 de 3 anos e 10 de 4 anos)**: 11 nenos e nenas .

Cada agrupamento estable terá subgrupos dentro da aula en mesas de traballo dun máximo de 5 alumnos/as.

GRUPO	TITORA	AULA
4º e 5º EI	Beatriz Navarro Aguiar	Aula 4
6º EI (5 anos)	Paula Maceiras Martínez	Aula 1

As mestras especialistas de Lingua Inglesa e de Audición e Linguaxe atenderán ao grupo preferentemente na aula de referencia do grupo. Todas as aulas dispoñen dunha zona ao aire libre anexa e independente.

2.3. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN

- Todo o **profesorado** que entre na aula deberá empregar máscara e facer un correcto lavado de mans.
- Asegurarase a correcta **ventilación** dos espazos. Grazas ás características das instalacións da escola podemos asegurar unha excelente ventilación natural, abrindo portas e ventás das aulas e corredores.
- Lembrar as normas de hixiene e prevención de contaxios co alumnado: lavado

frecuente de mans, limpeza, esbirrar ou tusir no cóbado de ser preciso, evitar meter obxectos na boca, emprego correcto da mascarilla polo menos nas entradas e saídas...

- Evitarse na medida do posible **mobiliario e xoguetes** que non sexan estritamente necesarios.
- En cada aula haberá un **desinfectante** colocado fóra do alcance dos nenos para que a docente empregue sempre que sexa preciso.
- Cada nena/neno terá cadansúa gabeta debidamente identificada para gardar os seus traballos.
- As súas **pertenzas persoais** (roupa, mochila...) gardaranse nunha bolsa grande nun colgadoiro individual ambos identificados.
- As actividades serán preferentemente adaptadas a **grupos reducidos** dun máximo de 5 integrantes estables.
- **A merenda** será na aula de xeito individual neses grupos colaborativos e con distancia entre grupos. Sempre que o tempo o permita, farémola no exterior. Antes da merenda e ao finalizar realizaremos rutina de hixiene. O tempo previsto para esta actividade é de media hora.
- Cando un **grupo saia ou entre na aula**, velarase pola orde dos movementos.
- **Evitaranse** as actividades que puideran supoñer mestura do alumnado das dúas aulas.

2.4. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS E O USO DOUTROS ESPAZOS

RECREOS

Quendas: de 11.30 a 12.00 (grupo mixto de 3 e 4 anos), e de 12.00 a 12.30 (grupo de de 5 anos). Os recreos faranse no patio cuberto da escola e nas zonas axardinadas próximas. Solicitaranse ás familias unhas botas de auga para o alumnado. Empregarase o momento de cambio de calzado como experiencia educativa potenciadora da psicomotricidade.

Outros momentos de actividade motriz: Dadas as características evolutivas desta etapa e

da nosa escola, asignamos un anexo exterior a cada grupo de convivencia para facilitar outros momentos de saída ao exterior. Este momento de relaxamento poderá ser paralelo a outras actividades que se estean a desenvolver dentro da aula, sempre coa supervisión do adulto.

BIBLIOTECA :

Utilizarase fundamentalmente **para préstamo** sendo o profesorado o que collerá e devolverá os recursos que utiliza (libros, xogos, mesa de luz, robots..).

Manterase o empréstimo domiciliario.

Para o uso do espazo de biblioteca, a coordinadora establecerá un horario para o seu emprego en días diferentes para cada agrupamento.

AULA DE USOS MÚLTIPLES:

Empregarase a aula de usos múltiples para a actividade de psicomotricidade englobada dentro do proxecto Pluriinfantil. Os dous agrupamentos asistirán en días alternos

- **6º EI (5 anos):** martes e xoves.
- **Grupo mixto 4º e 5º EI (3 e 4 anos):** luns e mércores

AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE:

A aula de audición e linguaxe a empregará a especialista para o os casos de intervención individual. A mestra encargarse da desinfección entre alumnos. Como en todos os espazos a ventilación será prioritaria, tendo portas e ventá abertas. Mais medidas no apartado de atención á alumnos con NEES.

No caso de levar o grupo clase farase en días alternos como no caso da aula de usos múltiples.

AULA DE RELIXIÓN:

A mestra de relixión levará o seu subgrupo o venres á aula 2.

ASEOS:

Aulas: Restrínxese o aforo a un neno/unha nena, para o que empregaremos sinalización

visual. A espera farase na aula, xa que todas contan con aseo dentro. Se fóra preciso empregaríanse os aseos das aulas máis próximas á de cada grupo coa supervisión dunha mestra. O uso do baño irá acompañado do lavado de mans .

Escola: Dos aseos destinados aos adultos o que ten máis espazo destinarase a calquera emerxencia de uso por parte das familias.

O segundo aseo será de uso exclusivo para o profesorado.

2.5. PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

Dado o número de docentes na escola, para as reunións de profesorado empregaranse prioritariamente os espazos ao exterior da escola. De facer uso dun espazo interior tratarase que estean abertas porta e ventás. Poderanse realizar as reunións telemáticamente via Webex ou outras que se consensúen.

A anterior norma rexerá para outras reunións como Consello Escolar, reunións con pais, nais ou titores, etc.

2.6. NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

No momento de redactar este documento non hai casos de alumnado de NEE que requiran medidas máis específicas que as xerais, excepto as saídas de aula para atención específica de A.L. Nestes casos o alumno ou alumna que deixe o seu grupo para asistir a estas sesións será acompañado/a en todo momento pola docente de A.L. que levará a cabo as medidas de hixiene pertinentes de lavado de mans, e desinfección dos espazos e materiais.

A docente de A.L. dispón na súa aula dunha mampara para o traballo específico da súa especialidade.

2.7. MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPA

2.7.1 COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

- As familias deben estar sempre localizables por teléfono. Cada familia revisará coa

titora os **datos de contacto** (correo electrónico e teléfono). Recoméndase facilitar máis dun teléfono para os casos de urxencia.

- Reduciremos ao máximo a **presenza na escola** de adultos que non sexan o equipo docente e persoal de limpeza.
- Preferencia de **comunicación por teléfono ou correo electrónico**, sen descartar outras plataformas facilitadas pola Consellería (Cisco Webex), AbalarMobil ou calquera outra consensuada coa familia.
- No caso de ser necesaria a **titoría presencial**, a reunión levarase a cabo preferentemente na zona exterior cuberta ou ben nunha aula garantindo a ventilación e a distancia social. Todos os asistentes á entrevista individual levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans.
- En ambos casos será **sempre con cita previa**.

2.7.2.ASPECTOS RELATIVOS A ACTIVIDADES DE ANPA E OUTRAS REUNIÓN.S.

- As actividades da **ANPA** celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas, ou ben no espazo exterior da escola, garantindo a distancia social.
- Os **Consellos Escolares** celebraranse preferentemente por medios telemáticos. No caso de seren presenciais respectaranse as medidas de protección citadas de hixiene, distancia e ventilación.
- Como mecanismo xeral de comunicación coas familias utilizarase a páxina **WEB da escola**, AbalarMobil, teléfono ou outras vías consensuadas.
- **Realizaranse os eventos estritamente necesarios**. No caso de ter que realizarse cumpriranse obrigatoriamente as medidas de prevención (uso de máscara, distancia de seguridade e aforo do 50%).
- As **actividades extraescolares** dentro do recinto escolar organizadas polo concello terán o seu propio protocolo.

3. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN

3.1 MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

3.1.1. MEDIDAS PARA TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA (NENAS, NENOS, DOCENTES, PERSOAL DE LIMPEZA)

- **Control** de temperatura diario antes de saír para a escola e verificación de non ter síntomas COVID-19 (ver anexo I: Enquisa de autoavaliación clínica do COVID 19).
- **No caso de ter síntomas** non pode asistir á escola sendo de obrigado cumprimento a notificación tanto á escola (responsable covid), como ao centro de saúde de referencia do alumno.
- A escola facilitará ás familias unha **declaración responsable** para ser asinada polos proxenitores do alumnado que terá vixencia mentres dure a alerta sanitaria .

3.1.2.MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL: ALUMNADO

- **Máscara:** É **moi recomendable** o seu uso no momento de entrada e saída da escola. Terían que traela da casa e traer na mochila un estoxo ou similar para gardala no momento de chegar á aula, co **nome** nun lugar ben visible. O uso de máscara será **obligatorio para todo neno ou nena dende o momento que cumpra 6 anos**, agás necesidades especiais debidamente xustificadas.
- **Xel hidroalcohólico.** Para os nenos e as nenas optarase de forma preferente por lavado de mans con auga e xabón, o uso de xel será excepcional.
- **Lavado de mans**, como mínimo nos seguintes momentos da xornada:
 - Entrada na aula
 - Merenda
 - Uso do baño
 - Saída ao patio

- Antes de ir para casa
- Para os **desprazamentos**, no corredor establécese o sentido de ida sempre pola dereita, coa debida sinalización.

3.1.3.MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL: PROFESORADO.

- Obriga da **utilización da máscara** durante toda a xornada lectiva por parte do profesorado e persoal que teña contacto cos grupos estables de convivencia.
- profesorado deberá **lavar as mans ou hixienizar** con xel frecuentemente, especialmente nos cambios de aula.
- **Exemplaridade** no uso, difusión e seguimento das medidas de saúde e hixiene e concretamente as de protección COVID-19 tanto no ámbito individual como grupal.
- **Ventilación dos espazos utilizados:** manteranse **abertas as portas e ventás das aulas todo o tempo que sexa posible** se o tempo atmosférico o permite e non afecta ás actividades que se están a desenvolver na aula. Cando a climatoloxía non o permita ventiláranse os espazos cunha frecuencia de cada 45' con portas e ventás abertas durante un período de 10 a 15'.
- Potenciación da **actividade docente no exterior do edificio**, nos espazos exteriores do edificio anexos á aula e asignados a cada grupo, pois somos coñecedoras de que a transmisión dos virus é moito menor no exterior.
- **Visión comunitaria** en canto a supervisión e difusión entre a comunidade educativa das medidas contidas neste plan.
- **Hixiene do espazo**, en canto a seguimento da hixiene do alumnado e dos materiais de aula, así como da limpeza do espazo individual.
- A mestra empregará preferentemente o **material tecnolóxico** de uso individual asociado ao seu posto de traballo. No caso de utilizar o comunitario, a mestra realizará unha desinfección posterior a súa utilización.
- Como **medida específica para a mestra de Audición e Linguaxe** nas sesións individuais contará con material de protección especial (unha mampara e pantalla), cara a facilitar a actividade a desenvolver.

- Cada membro do equipo docente, contará con **dotación de material de hixiene, desinfección e protección** que será subministrado polo centro e xestionado polo equipo COVID da escola.
- Cada mestra **controlará a temperatura persoal a diario antes de acudir á escola e verificará que non ten síntomas** COVID-19 (anexo I: Enquisa de autoavaliación clínica do COVID 19). No caso de ter síntomas, non pode asistir á escola e debe notificalo tanto á escola como ao seu centro de saúde .
- Para a **xestión de supostos de vulnerabilidade** a dirección da escola proveerá os documentos e levará a cabo a tramitación que sexa precisa conforme ao recollido nas instrucións da Consellería.

3.2.MEDIDAS DE LIMPEZA

O concello de Arteixo asume as medidas de limpeza e desinfección da escola enmarcadas no seu propio protocolo que figurará no anexo II.

O servizo de limpeza na nosa escola realizarase unha vez durante a mañá nos elementos e zonas mais expostos. A limpeza xeral será pola tarde fóra do horario lectivo.

O profesorado encargarse de desinfectar os materiais da aula cando sexa preciso ademais da atención ao alumnado.

3.3.MATERIAL DE PROTECCIÓN

A dirección e o equipo Covid da escola decidirán as compras precisas de material de protección en función das necesidades. Este material será inventariado e xestionado polo equipo Covid.

Contaremos con dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e nos espazos comúns.

Na entrada da escola haberá unha estación de desinfección cunha alfombra para o calzado e xel hidroalcohólico.

En cada aula e espazo de uso cotiá na escola haberá un **kit de desinfección** que constará de un dispensador de xel hidroalcohólico para a desinfección de mans, unha caixa de panos desbotables, un difusor de viricida para as superficies e outro para desinfección de teclados e outros utensilios dixitais. Estes produtos deben quedar fóra do alcance do alumnado.

Nos aseos de cada espazo haberá un dispensador de xabón líquido e papel para secar as mans e unha papeleira de pedal, material subministrado polo concello de Arteixo.

Na aula 3 contamos con luvas, pantalla, buzo desbotable e provisión de desinfectante, xel e panos. As máscaras están custodiadas no despacho de dirección.

3.4. XESTIÓN DE REFUGALLOS

Utilizaranse papeleiras accionadas con pedal con bolsa interna.

O persoal de limpeza será o encargado de levar as bolsas de plásticos pechadas ao contedor de residuos correspondente.

4. XESTIÓN DOS GROMOS. EQUIPO COVID

No caso de ter coñecemento de que unha nena ou neno, familiar convivinte co neno ou nena ou ben unha docente da escola e/ou convivinte da docente, presente sintomatoloxía compatible deberase permanecer no fogar e alertar ao equipo Covid a través do teléfono da escola ou do correo electrónico, ámbolos dous indicados nos datos de referencia. O equipo Covid porase en contacto coas autoridades sanitarias como veremos mais adiante. O equipo Covid está obrigado a secreto profesional e tratamento discreto dos datos aportados por docentes e familias.

4.1.COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS:

4.1.1. ANTES DE ACUDIR Á ESCOLA (FAMILIARES E PROFESORADO)

- O persoal da escola, antes de acudir ao centro, deberá realizar unha autoenquisa diaria de autoavaliación como se describe no Anexo I para comprobar se teñen síntomas que poidan ser compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Si amosan síntomas non poden acudir a escola e deben poñerse en contacto co equipo covid e co seu servizo médico.
- Os responsables dos alumnos e alumnas realizarán unha comprobación do estado dos mesmos. Ante a aparición de síntomas da autoenquisa non deben enviar ao neno ou nena á escola e solicitarán consulta co seu pediatra.
- O alumnado ou persoal da escola que convivan con posibles casos non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado das probas, e que este sexa negativo e comunicalo ao equipo Covid como dixemos antes para seguimento de posibles contaxios.

ACTUACIÓNS ANTE UNHA SOSPEITA DE INFECCIÓN POR CORONAVIRUS NO CENTRO ESCOLAR




Ilustración 1. Fonte: Curso formación equipos Covid

4.1.2. NA ESCOLA

- Aviso das docentes que estean co neno ou nena que manifesta síntomas á coordinadora covid-19 quen o acompañará a zona de illamento (patio cuberto ou a Aula 3), mentres non se xestiona o seu traslado.
- A coordinadora chamará á familia ou persoa de referencia, que deberá presentarse na escola á maior brevidade posible.
- A familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.

ACTUACIÓNS ANTE UNHA SOSPEITA DE INFECCIÓN POR CORONAVIRUS NO CENTRO ESCOLAR




Ilustración 2. Fonte: Curso formación equipos Covid

4.1.3.COMUNICACIÓNS ÁS CONSELLERÍAS DE EDUCACIÓN E SANIDADE

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xuntamente coa Consellería de Sanidade, dispón da **canle informática “EduCovid”** , específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos **dos casos confirmados**. Esta información será empregada polo Centro de Seguimento de Contactos para alertar, de ser preciso, da existencia de casos positivos na escola.
- O equipo Covid colaborará coa Central de Seguimento de contactos (CSC) para identificar ós contactos estreitos relacionados coa escola de darse un caso confirmado, nos termos previstos no artigo 2A do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.
- Toda esta información trasladarase respectando a normativa de protección de datos vixente.

4.2.REXISTRO DE AUSENCIAS

As titoras rexistrarán as faltas dos alumnos/as en papel e no programa de xestión educativa XADE.

A dirección rexistra as faltas do profesorado que son recollidas no XADE.

As **ausencias por sintomatoloxía** compatible serán rexistradas aínda que quedará eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e, ao mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso.

A responsable COVID da escola será informada polas familias ou as titoras inmediatamente destas ausencias.

5. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

Os membros do equipo covid da escola poderán recibir formación específica actualizada sobre a pandemia e as medidas de protección. O equipo Covid informará a todo o equipo docente das accións de formación e dos contidos e materiais dispoñibles tanto na escola como de cara as familias e que sexan de interese para difundir vía páxina web da escola, blog da biblioteca ou blogs de aulas.

As titoras e as especialistas traballarán co alumnado as medidas de prevención e protección incluídas neste plan facendo especial incidencia nas normas de hixiene. Traballarase o emprego da máscara nas entradas/saídas e circunstancias que o xustificuen.

A escola disporá de carteleiras e outra sinalética sobre as medidas de educación en saúde, especialmente na zona de entrada para toda a comunidade e nos aseos con pictogramas secuenciados para o alumnado.

Contemplaranse medidas para fomentar o ensino dixital, que será preciso no caso de corentena. Estas medidas se exporán no Plan de Continxencia.

Nos seguintes espazos das Consellerías de Saúde e de Educación atoparemos mais información:

<https://coronavirus.sergas.gal/contidos/informaci%C3%B3n-Covid-centros-educativos>

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/medidas-coronavirus>

6. DIFUSIÓN DESTE PLAN

Este Plan será aprobado polo **Claustro** e o **Consello Escolar**, informarase á **ANPA** e será publicado na WEB da escola para coñecemento de toda a **Comunidade Educativa**.

A vixencia deste plan virá determinada pola evolución da pandemia e as instrucións das administracións. Durante o curso poderá haber modificacións que serán puntualmente comunicadas á toda a comunidade educativa.

ÍNDICE

Introdución:.....	3
1. DATOS DE REFERENCIA	4
1.1. DATOS DA ESCOLA	4
1.2.MEMBROS DO EQUIPO COVID	4
1.3.ESPAZO DE ILLAMENTO	5
1.4. NÚMERO DE ALUMNOS E ALUMNAS POR NIVEL	5
1.5.CADRO DE PERSOAL DA ESCOLA	5
2. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO	6
2.1 MEDIDAS NAS ENTRADAS E SAÍDAS.....	6
2.2. DETERMINACIÓN DOS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA	7
2.3. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN.....	7
2.4. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS E O USO DOUTROS ESPAZOS	8
2.5. PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO	10
2.6.NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE	10
2.7. MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPA.....	10
2.7.1 COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS	10
2.7.2.ASPECTOS RELATIVOS A ACTIVIDADES DE ANPA E OUTRAS REUNIÓNS.	11
3. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN	12
3.1 MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.....	12
3.1.1. MEDIDAS PARA TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA (NENAS, NENOS, DOCENTES, PERSOAL DE LIMPEZA)	12
3.1.2.MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL: ALUMNADO.....	12
3.1.3.MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL: PROFESORADO.....	13
3.2.MEDIDAS DE LIMPEZA.....	14
3.3.MATERIAL DE PROTECCIÓN.....	14
3.4.XESTIÓN DE REFUGALLOS	15
4. XESTIÓN DOS GROMOS. EQUIPO COVID.....	15
4.1.COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS:	16
4.1.1. ANTES DE ACUDIR Á ESCOLA (FAMILIARES E PROFESORADO)	16
4.1.2. NA ESCOLA.....	17
4.1.3.COMUNICACIÓNS ÁS CONSELLERÍAS DE EDUCACIÓN E SANIDADE	18

4.2. REXISTRO DE AUSENCIAS	18
5. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO	19
6. DIFUSIÓN DESTE PLAN.....	20

ANEXO I: Enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19

ANEXO II: Plan de limpeza

ANEXO III: Declaración responsable

ANEXO IV: Plano da escola

ANEXO I ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu/súa médico/a ou pediatra.

Presentou nos últimos días?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nos últimos 10 días?	cunha persoa Covid-19 + confirmado?		



DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____,
con DNI _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a
_____, matriculado no curso
_____, do centro educativo _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON enviálo/a ao centro e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso presentar cando menos un síntomas previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os servizos sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias ao EquipoCovid do centro.

En _____, a ____ de _____ de 2021.

ASDO. _____

